

Coturnix coturnix (Linnaeus, 1758)

	paspallás
	codorniz común
	galeperra arrunta, pospolina
	guatlla
	common quail
	codorniz-comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	70-140 g(♂), 70-155 g(♀)
Lonxitude	16-20 cm
Envergadura	32-35cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Galliformes	Phasianidae	Coturnix

ALIMENTACIÓN

Sementes e insectos.

COMPORTEMENTO

Son animais diúrnos, que viven todo o ano en bandadas. Os machos vólvense moi agresivos entre eles na época de celo. Ave migratoria en case toda a súa distribución, inverna en zonas cálidas e cria en frías e temperadas.

REPRODUCCIÓN

O período de celo dáse entre abril e xullo. Os machos fecundan a varias femias e estas son fecundadas por varios machos. Poñen 6-18 ovos en maio-xullo que as femias incuban durante 16-18 días. A cría voa ás 2 semanas, e acada a madurez sexual ás 6-8 semanas. Poden hibridar con individuos de *Coturnix japonica* Temminck & Schlegel, 1849.

HÁBITAT

Campos de cereais, zonas de cultivo e pradarias.

DISTRIBUCIÓN

Europa continental agás Fenoscandia, illas Británicas, danesas, estonas e mediterráneas; Asia occidental e central e India; Magreb, Cabo Verde, Azores, boa parte da África subsahariana, illas Comores e centro de Madagascar. Introducido en Mauricio e Reunión.

CURIOSIDADES

Vive sempre no chan, podendo camuflarse perfectamente na herba grazas á coloración das súas plumas.

A subespecie presente no campus é *Coturnix coturnix coturnix* (Linnaeus, 1758), propia de Europa, Asia e Magreb.